# Informacion

◎Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.

◎Xustiza Social e Coidados reserva o 20 % das prazas ofertadas para persoas beneficiarias de programas sociais.

◎O formulario de preinscrición presentarase exclusivamente no centro cívico no que se quere realizar o campamento.

◎Soamente se poderá presentar unha preinscrición por menor . No caso de detectarse mais dunha preinscrición para un mesmo menor , anularánselle todas.

◎Para nenos e nenas con necesidades educativas especiais ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo, ofértanse 10 prazas.

◎O monitorado de apoio para nenos e nenas con necesidades educativas especiais, non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

◎No momento da preinscrición, asignarase un número a cada solicitude que será o número para o sorteo. Os nenos e nenas que soliciten praza de NEE, terán unha numeración e un sorteo propio.

◎Si a primeira ou a última praza adxudicada corresponde a un menor con un irmán ou unha irmá con un número de preinscrición correlativo, ambos obterán a praza.

◎De non formalizar a inscrición dentro do prazo e horario establecido , perderase a praza.

◎Unha vez formalizada a inscrición non se terá dereito á devolución do custo da actividade, excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

◎ Os horarios da actividades son de obrigado cumprimento na súa totalidade, tanto no horario xeral como no horario ampliado

◎Os nenos en nenas que figuren na listaxe de reservas, e en caso de que se lle adxudique a praza, serán avisados telefonicamente.

# Recomendacións

◎Non traer as actividades aparellos electrónicos, videoconsolas, móbiles, etc.

◎Levar auga e un refrixerio (froita, iogur, bocadillo...) para tomar a media mañá.

◎Levar roupa e calzado cómodo.

◎ Non levar cartos ou obxectos de valor, pois a organización non se fai responsable das perdas que poidan producirse durante o campamento.

◎É aconsellable que non asistan aos campamentos os participantes que teñan enfermidades contaxiosas.

◎Tampouco é recomendable que asistan os menores que presenten algún dos seguintes síntomas: máis de 37,5º de febre, vómitos ou diarrea por procesos intestinais infecciosos ou outros motivos, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos ou lendias .

# Recuncho do xogo

2017

*Actividades de carácter lúdico que se realizarán nos centros cívicos municipais os días 10, 11 e 12 de abril*

*Dirixidas a nenos e nenas de 4 a 12 anos*

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

**Concellaría de Xustiza Social e Coidados**

# Preinscrición

Nome e apelidos do neno ou da nena

______________________________________________

Empadroado/a no Concello da Coruña (si ou non) __________

Data de nacemento ______________________________

Domicilio

______________________________________________

Teléfono de contacto ____________________________

Don/dona, ____________________________________,

con DNI _________________ en calidade de pai/nai/tutor/a

legal, desea preinscribir ao seu fillo ou a sua filla no Recuncho do xogo do centro cívico de __________________________

Solicitude de horario ampliado (si ou non)* ______________

Solicita praza para menores con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade (si ou non) ______________

| **Número Solicitude xeral** | | **Número Solicitude NEE** | |
|---|---|---|---|

A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos datos facilitados. A falsidade ou ocultación de datos, conlevaría a anulación da solicitude e a retirada dos dereitos que se obtivesen.

Co fin de cumprir co artigo 5 da Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar as actividades socioculturais de relación, inserción, promoción e/ou prevención social realizadas pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados

Asinado:

A Coruña, a ____ de marzo do 2017

*Soamente naqueles centros sinalados con este símbolo 🕒

# Recuncho do xogo

**DIRIXIDO A**

Nenas e nenos de 4 a 12 anos (deberán telos cumpridos no momento da preinscrición).

**DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

10, 11 e 12 de abril do 2017

**HORARIO**

Horario xeral, de 10.00 a 13.30 h

🕒 Horario ampliado, de 9.00 a 14.30 h

| | | |
|---|---|---|
| Artesanos | Labañou | Novoboandanza |
| 🕒 Castrillón | 🕒 Os Mallos | Palavea |
| Cidade Vella | Santa Margarita | Pescadores |
| San Diego | 🕒 Mesoiro | 🕒 Os Rosales |
| Eirís | 🕒 Monelos | Sagrada Familia |
| Elviña | 🕒 Monte Alto | A Silva |

**RESGARDO DE PREINSCRICIÓN**

A nena ou o neno ___________________________ preinscribiuse na actividade Recuncho do xogo co seguinte número:

| **Solicitude xeral** | | **Solicitude NEE** | |
|---|---|---|---|

# Datas importantes

**PREINSCRICIÓN**

Presentarase no centro cívico onde se desexe realizar a actividade os días 24, 25 e 27 de marzo, de 11.00 a 13.00 e de 17:00 a 20:00 h.

**SORTEO PÚBLICO**

En cada centro cívico, 27 de marzo ás 20.15 h.

**LISTAXES DE ADMITIDOS/AS E DE RESERVAS**

3 de abril

Poderanse consultar no centro cívico onde se preinscribiu, no Teléfono de Información 010 ou na web www. servizossociais.coruna.es .

**INSCRICIÓN**

4, 5 e 6 de abril, no horario de 11.00 a 13.00 e de 17.00 a 20:00 h.

Para formalizar a inscrición presentarase no centro cívico onde se obtivo a praza:

- ◎ O impreso oficial de autoliquidación AC4370, que se pode obter no centro cívico, no que conste o abono do prezo público.
- ◎ As autorizacións que se entregarán no momento da inscrición, debidamente cumprimentadas e asinadas por unha persoa responsable do menor.

De non formalizar a inscrición no prazo e horario establecido, perderase á praza.

**PREZO PÚBLICO A ABONAR**

Horario xeral: 7 € por persoa participante

Horario ampliado: 11 € por persoa participante